

Que mellor lugar para desfrutar dunha natureza avasalladora, case virxe, que a da Ruta das Aceñas, que tamén se lle podería chamar “a dos muíños”.

O traxecto descorre á carón do río Sarria, unhas veces por bosques de ribeira encaixados entre rochas, outras por zonas máis chairas.

E, que mellor momento que a primavera para percorrela, cando as gamas de verdes se mesturan e compiten en fermosura, o río viaxa acelerado e as aves bulen na busca de alimento para a súa prole.

Nos cantís rochosos os fentos amoreados semellan un bosque de tempos pasados.

No sostobosque, baixo o dosel arboreo, , dominan o branco e o azul en equilibrio cromático, antes de que as follas das árbores lles impidan recibir a luz. O branco das saltasebes, das cabaciñas, do allo do oso e da estrelada. O azul, das buglosas, das corochas, das nonmesquezas e da herba dos pitos. Moi de cando en vez aparece o elébora verde, unha das poucas especies coas flores de cor verde.

Nas augas limpas dun río coma este, podemos comtemplar os mergullos do merlo acuático ou as acrobacias das lontras.

Se miramos cara riba pode, que nalgún burato do tronco dun choupo, vexamos entrar e saír unha parella de gabeadores azuis coidando das súas crías.

Para que paraxes coma esta sigan existindo nun futuro alonxado no tempo, non debemos interferir no seu ritmo natural, mostrando o máximo respecto pola súa vida e a súa beleza.